A Voz do Condado

UNHA VOZ POPULAR E CEIBE

ANO I — Outono 1977 — Nº 1 — 3 Pesos

EDITORIAL

Primeiro nas paredes, nos valados, nos arbres..., onde se podía; logo panfletos, outavillas...; dempois, en medrosas conversas na rúa, nos bares, nos bailes...; sempre agouchados, con medo, con moito medo, facíanse as informaciós, as noticias de todo aquilo que estaba a sofrir o noso pobo, de todo aquilo có asolagaba no subdesenrolo e ó que había que prantexarlle de calqueira xeito, coma se poidese, unha loita frontal.

Agora, cando as libertades populares siguen a ser pisoteadas, cando as pistolas ou as bombas non paran de matar xente traballadora, cando os obreiros son masacrados nas rúas por pedire un posto de traballo, cando o noso labrego é engañado coma sempre e roubado coma nunca, cando os 1.200 pescadores do Miño quedan sin traballo e son sacrificados pra medra dunha dúcea de graveiros que non dan emprego entre todos a máis de cen persoas, cando os caciques que gobernan na bisbarra siguen votándonos a emigración, saen no televexo pra decir co que comemos comémolo gracias a éles, agora..., agora xa temos «democracia»...

Nunha bisbarra coma do Condado, cunha poboación obrelra, campesiña e pescadora, ista situación é asumida na súa totalidade.

Por iso o xurdimento de pubricaciós populares, que desemascaran os caciques que apoian e fanlle o xogo a quén nos está a asoballare, que reivindiquen os anceios das camadas populares e que fagan púbrico todo aquilo que hastra os porcos lles cheira mal, é o proceso normal nun pobo que chega o cumio das súas inquedanzas.

Así nasce **A VOZ DO CONDADO**, popular, aberta a todos, suprapartidaria, sinxela, e sobor de todo ceibe, ceibe como ten de ser Galicia nunha data non moi lonxana...

A XUNTA DE VECIÑOS

A raíz do descubremento da esistencia dun «Plan Territorial de Ordenación del Condado», unha chea de xente dos axuntamentos de Salceda, Neves, Ponteareas, Mondariz, Arbo e Salvaterra vendo os problemas que iso acarrexaría pra bisbarra, tratóu de xuntarse pra facer un estudio do debandito Plan.

Disas xuntanzas e como consecuencia dos descubrementos catastróficos que tratan de botarnos enriba as xentes que moramos no bisbarra, nace a XUNTA DE VECIÑOS DO CONDADO», pra combatir iste plan e todos os problemas que se nos presentan aos veciños e pa-e como un movimento aberto a tódolos habitantes do Condado (de caraiter sambleario), sin ter enconta a súa tenlencia política é diste xeito porque penamos que soio os veciños do Condado os corresponde elexir o futuro da nosa bisbarra.

A laboura da Xunta de Veciños empeza, como xa dixemos denantes, co estudo do Plan; a partir diso e vendo os manexos, os enganos e, sobor de todo, a compreta falla de información en que se nos quer meter as xentes da bisbarra, a seguinte laboura e máis urxente que se lle prantexa a xunta e a da información, e pra iso bota man da prensa («El Pueblo Gallego», «Faro de Vigo», «La Voz de Galicia»)), da radio («Radio Popular», de Vigo) e percorre as parroquias facendo mesas informativas, poñendo carteis, lanzando panfletos e usando todos cantos medios atopa ao seu alcance; é de destacar que en 12 días fixéronse 18 mesas informativas nas seguintes aldeias: Xinzo, Vilasobroso, Gulans, Prado, S. Lorenzo de Oliveira, Areas, Leirado, Oleiros, Caldeira, Fornelos da Ribeira, Salvaterra, Vilacoba, Vendanova, Neves, Barcela, Liñares, Albeos; as cales asistiron arredor de 3.000 persoas, en élas explicáronse todas as conclusiós que se habían sacado do estudo xa feito, diante do cal os asistentes tomaron a decisión de rexeitar o Plan, poloque se confecionóu un escrito dirixido as autoridades e no cal se recolleron máis de 1.000 firmas de outros tantos veciños; tamén distas mesas informativas e a proposta da Xunta de Veciños, programóuse unha MANIFESTACION o día 6 de agosto, en Ponteareas, a cal, a pesares de haber sido denegada polo gobernador, e máis da campaña encontra que lévou a «Guardia Civil» e os municipales, 'evóuse adiante e a súa asistencia, según nota informativa da prensa, calcúlase de 1.500 a 2.000 persoas, polo que supoñemos que si ísta fose autorizada o número habría que multiplicalo por 10.

Non rematóu a laboura da Xunta de Veciños, senón que agora que xa somos máis, e que esperamos contar con moitos de vos moi pronto, seguimos a traballar encontra do Plan, encontra dos caciques, e de cara as próusimas eleucións pra que non caigamos no erro de votar a aqueles que tanto mal lle levan feito a Nosa Terra.

O acrarexamente de que estamos ei quí é iste voceiro que nos servirá a todos pra ir descubrindo moitas cousas por medio do cal trataremos de manter informada a toda a bisbarra dos próusimos acontecementos.

"CASTRO, CACIQUE, O POBO NON TE ADMITE"

Si tivéramos que escribir neste periódico a historia completa do cacique Castro, ocuparíamos todo o espacio. Porque este elemento fixo tantas, que da pra facer un libro.

Eiquí, soio pretendemos inxertar os feitos mais destacados, e deixar dibuxada a persoalidade caciquil e feixista de Pepe Castro, ao par que tamen falaremos doutros caciques ligados a él, como e seu hirman Antonio Castro e algún outro máis...

(Pasa a las páxinas 3 y 4)

O PLAN DE ORDENACION DO CONDADO

A pesares de que a maioría dos veciños do Condado xa teñen unha idea do que representa o famoso «Plan», penso que non é demais, facer un resumen eiquí das principales caraiterísticas pa que todos sepamos de qué vai e non nos metan gato por lebre.

Pra escomenzar, vou tratar de contestar a duas interrogaciós que os veciños se fan con máis insistencia:

¿QUE E O PLAN DO CONDADO?

O plan é a alternativa capitalista no noso territorio, o que servirá pra un maior lucro de certos señores, que xa están ben gordos, sin importarlle pra nada a desfeita da sociedade rural e inda menos, que os campesiños se arruinen. Pra conquerir isto determiñan Zoas, ríos e montes dunha forma arbitraria, sin ter enconta os intreses dos labregos, que lle servirán pra levar a cabo os seus fins que é o importante.

¿QUENES FIXERON O PLAN?

O plan foi proleutado polos mesmos que tentaron noutros tempos espetarnos a CELULOSA, que todos nos rexeitamos de xeito inequívoco.

Ante aquel fracaso proleutaron iste plan pola calada pra evitar unha contestación moito maior, xa que o que pretenden facer non é unha celulosa soia, senon 16 polígonos industriaes de semellantes caraiterísticas.

Pasa a la páxina 6

LOITAS POPULARES

EN TUI, DOUS MIL PESCADORES DO MIÑO MANIFESTARONSE CONTRA AS AREEIRAS

«O río pra quen o traballa, non pra quen o escaralla», foi a frase máis pronunciada nista manifestación convocada pola Comisión de Pescadores do Miño, celebrada o 18 de setembro. Os pescadores, fartos xa de tantos abusos por parte das areeiras que extraen area e grava do Miño, acabando diste xeito coa pesca que constitue unha das máis importantes riquezas da zona, tomaron concencia da situación facendo asambleas nas aldeas que bordean o río, tratando de toda a problemática que o río padece, formando a partir destas asambleas unha Comisión de Pescadores do Miño, que foi a que en todo intre estivo a cabeza da loita. A manifestación, que iba encabezada por ista Comisión, asistiron pescadores de todas partes, desde Salvaterra do Miño a Camposancos. Os veciños siguen loitando contra o roubo do río.

CATROCENTOS MARIÑEIROS MANIFESTARONSE EN VILAGARCIA

Pedindo a dimisión dos patróns maiores das Cofradías, medidas contra o marisqueo furtivo e un control polos mariñeiros. Estas son as principáis reivindicaciós polas que se manifestaron os mariñeiros das Rías Baixas e dalgúns puntos da Cruña, o terceiro domingo de setembro en Vilagarcía.

SEIS MIL PERSONAS MANIFESTARONSE CONTRA A AUTOPISTA EN PONTEVEDRA

Mentras na maioría das parroquias seguimos andando caseque por camiños de cabras e na maioría dos casos que hai camiños un pouco axeitados é porque os veciños se preocuparòn de facelo pola súa conta sin ningún tipo de axuda, mentras acontece esto, gástanse milleiros de millóns en facer unha autopista que ven a agravar ainda máis a situación de asoballamento que sofrimos, ocupando terras, dividindo povos, deixando terras sin auga, povos incomunicados. Por todo iste manifestáronse en Pontevedra unhas seis mil persoas contra ese monstruo que é Autopista, feita en base aos intereses do capitalismo imperialista e sin respetar pra nada os intereses do pobo galego, que é quen sofre as consecuencias da mesma.

OS OBREIROS CONTRA O DESPIDO LIBRE MANIFESTACION PROHIBIDA EN VIGO

Durante máis de tres horas algúns centos de traballadores estiveron defendendo na rúa o seu dereito a unha seguranza no posto de traballo, contra o despido libre, e por defender o seu posto de traballo, sinxelamente por isto, foron duramente reprimidos con botes de fumo e balás de goma. ¿Dónde está a democracia?

EN RIANXO, O ALCALDE DIMITE DIANTE DE MAIS DE 500 VECIÑOS QUE PEDIAN A SUA DIMISION

E un exemplo claro de cómo o pobo pode conquerir o que se propón. Os veciños, concentrados diante do axuntamento, pediron a dimisión do alcalde por tódalas irregularidades que houbera na administración nos derradeiros meses e porque non se preocupaba en ausoluto da problemática que padece todo o pobo de Rianxo. Despois de que o alcalde presentara públicamente a súa dimisión, unha comisión de veciños ergueo a bandeira galega no axuntamento e terminaron cantando todos o himno galego.

OS ESTUDANTES CONTRA A SUBA DAS TASAS ACADEMICAS

Levaron a cabo dúas manifestacións, unha na Cruña e outra en Santiago contra a suba das tasas académicas, que imposibilita cada vez máis o acceso dos fillos das clases populares o ensino superior.

EN XUNQUEIRA DE AMBIA (OURENSE), PIDEN A DIMISION DO ALCALDE

Máis de 500 persoas manifestáronse pra pedir a súa dimisión cousa que non conqueriron. A dimisión era pedida sobor de todo polo estado de abandono en que se atopan as parroquias do axuntamento. O pobo sigue loitando pra acabar co caciquismo no axuntamento, sobor de todo cara as próusimas eleciós municipais, tentarán de borrar toda esa cova de caciques cunha candidatura popular que parta da realidade dos problemas que sofren todos os veciños a través de asambleas parroquiales.

EN VIVEIRO (LUGO), CINCO MIL PERSOAS PIDEN MELLORAS SANITARIAS NA COSTA LUCENSE

Manifestáronse o derraideiro domingo de setembro, 5.000 persoas esixindo unhas melloras sanitarias de todo tipo pra comarca, xa que o hospital máis perto quédalles en Lugo. Esixiron unha residencia na costa de maneira urxente.

MANIFESTACION EN PONTEAREAS CONTRA O PLAN DO CONDADO

O derradeiro 6 de agosto manifestáronse uns 2.000 veciños da bisbarra do Condado contra o Plan Territorial que o capital imperialista quere impoñer no Condado por medio dos caciques. Encabezóu esta loita a Xunta de Veciños do Condado, que sigue loitando por impedir que o Plan se leve a cabo, porque é perxudicial pros intereses dos veciños. A asistencia a manifestación hai que valorala como moi importante, pois fora prohibida polo gobernador. De ser autorizada, esperábase a asistencia de milleiros de persoas.

SAUDE: A SITUACION SANITARIA NO CONDADO

Neste primeiro artigo da situación sanitaria no Condado tense que lle dar unha visión xeral, e nos próusimos desmenuzarase o problema por seutores.

Escomencemos por darlle a definición de saude, pois deste xeito e analizando as catro verbas dela, poderemos sacar o por qué e por qué non da nosa situación sanitaria.

Saude e o benestar físico, mental, social i económico-político de unha persoa.

Como vemos, a saude é un benestar xeral da persoa, é un benestar económico-político non dado no Condado dende o intre que a xente ten que emigrar pra conquerir un posto de traballo que lle dé a economía indispensable pra subsistir; ísto ven dado por unha mala política.

A saude é un benestar mental; ista condición dende logo non é posible nunha nación coma galega na que a economía das persoas é pequena e ten que pensar moito de ónde sacar os cartos ou ónde conquerir un posto de traballo.

Pra rematar, a saude é un benestar físico; pra conquerir un benestar físico, en primeiro lugar hai que conquerir tódolos condicionamentos ditos anteriormente, dempóis hai que ter unha sanidade preventiva e non curativa, que quere decir ísto?, pois ca meiciña que se da hoxe é curativa, é decir que se atenden as doencias cando xa están nunha fase avanzada na súa evolución e non se obriga a facer recoñecimentos médicos periódicos nos que se detectarían a meirande parte destas doencias.

Facendo un análisis da situación global sanitaria no Condado, os resultandos son nefastos; velaeiquí os datos relativos o año do 1976 e que non manteñen alteración na aitualidade: a bisbarra, composta polos Axuntamentos de Crecente, Arbo, As Neves, Salvaterra, Salceda, Mondariz, Mondariz Balneario e Ponteareas, ten unha superficie de 420 kilómetros cuadrados, con 67.000 habitantes, carece de ambulancias, centros de urxencias e polo tanto de camas, cando a Organización Mundial da Saude (O.M.S.) dí que cada mil habitantes teñen que ter dez camas. Temos doce médicos e oito A.T.S., que facendo unha sinxela operación matemática nos dá que a cada médico lle corresponden 5.000 persoas, e a cada A.T.S., 8.000; xa se nos explicará o xeito de atender medianamente a todos: imposible. O que non se entende é a falla total de profesionalidade destes médicos e A.T.S., que sabendo imposible a boa atención o doente non reclaman nin máis compañeiros nin camas, ambulancias, etc., pra tratar de faguer unha meiciña axeitada as necesidades do pobo. Desprendese disto cos motivos están en que cantos menos sexan máis cobran. Nós, o Pobo, temos que reivindicar, rexeitar i esixir unha millor meiciña.

Evidentemente toda crítica, si quer ser ouxetiva, ten forzosamente que prantexar unhas alternativas válidas ca sustenten.

En base o devandito, as alternativas que parecen máis axeitadas a situación, son as seguintes:

1.ª—Medios de comunicación eficientes: teléfono en tódalas parroquias e núcleos de poboación, pistas axeitadas, etc.

2.ª—Ambulancias, que deben ser situadas en puntos epicéntricos.

3.ª—Ambulatorios de consulta, con meiciña interna, pediatría, toco-xinecoloxía, análisis clínicos e raios X, así coma servicios de urxencia, como especialidades máis perentorias.

4.ª—Hospitales (un xeral pra bisbarra), onde se poidera atender doenzas urxentes.

5.ª—Unha meiciña preventiva nas empresas, no campo, nas escolas, con reconocimentos médicos periódicos e obrigatorios. Unha meiciña que se considera como indispensable pro noso futuro coma nación sana.

6.ª—Cursillos de orientación sanitaria nas parroquias de cara as primeiras curas e nociós xerales de primeiros auxilios.

EN PONTEAREAS O POBO PAGA O CAMBIO DE POTENCIA DA ELECTRICIDADE

O ano pasado a compañía «SESTELO Y Cia» plantexou cambiar o voltaxe da electricidade no casco urban, pasando a corrente de 125-150 a 220. Non se vai contra disto, senón do que supon na practica pros usuarios.

O que xa non se pode consentir é que se aproveite a ocasión pra roubar ao Pobo. Faise desta maneira; sencillamente no cambiando os contadores.

Pois resulta que ao pasar a corrente de 125-150 a 220, é non cambiar a intensidade, aumenta a potencia, é decir o contador da mais voltas, e marca máis Kilowatios. Aao marcar mais Kilowatios hai que pagar mais cartos, cartos que saen do bolsillo dos usuarios e entran na caixa de Sestelo e Compañía. ¡O Sestelo non é parvo!

Neste caso a empresa está obligada cambiar os contadores pola sua conta; ao non facelo tamen aforra os cartos dos contadores. O negocio é «lumino so».

O DEPOSITO DE BUTANO

Fai doce anos estabase a construir unha estructura dun edificio un pouco especial. Enton preguntouselle a Amadeo (o dono) pra que iba ser, o cal respostaba con evasivas e dicindo que era pra un garaxe. ¿sabedes pra que era? pois pra espetarnos no medio da vila un depósito de butano. Claro, agora esplicase que non quisera decir a verdade pra que ningún se enterase do choio, porque podía haber algunha protesta. Hasta elquí chega a podredumbre e falla de concencia e responsabilidade da adeministración municipal.

Un depósito de butano no medio da vila é un atentado contra da seguridade e vida de moitas persoas.

Dende elquí, estamos obligados a denunciar este feito polas seguintes razóns:

1) A normativa vixente dí que o depósito de butano ten que estar situado a 5 km. da última casa habitada do pobo.

2) Ter un guardían día e noite. O único que teñen é un can, e pra mais vello.

3) As medidas de seguridade son nulas, pois hasta os estintores teñen oxido.

Non se pode consentir que o peligro rebase certos límites como é o caso de que os empregados fumen hasta puros no depósito.

Claro que os empregados non da seguridade é do patrón. teñen a culpa, porque a obriga

De continuar as cousas como están calquer día pode haber unha desgracia de incalculables consecuencias. Despois todos se lavan as mans como Pilatos.

"CASTRO, CACIQUE, O POBO NON TE ADMITE"

Este cacique vistiu camisa azul militando no «Frente de Juventudes» e na «Falange», na que chegóu a ocupar cargos de algunha responsabilidade. Recordámolo con camisa azul, el yugo y las flechas, machete al cinto, y cantando el cara al sol y prietas las filas, asiduo visitante do campamento de «Covaleda», donde se formóu a crema da burocracia falangista que despois metíase en Sindicatos, I en todo o aparello do Estado feixista.

Diante do fracaso como estudante (pois non pasóu do bachillerato elemental), e como non quería traballar, como os da súa calaña, metéuse en Sindicatos pra chupar do bote e foder aos traballadores. Escomenzóu ao lado de Alfonso Casasnovas, conocido falangista e asesino, cuio último crimen cometeuno na persoa do madrileño en Xinzo, conxuntamente con Carlos Pedrera (Charló).

Pepe Castro - Pinta

E significativo que xa de rapaz, os seus compañeiros bautizásenos co nome de «Pinta». Pinta, quere decir, (ao menos por estas terras) vivo. sagaz, tramposo, embaucador e trapalleiro.

Por donde queira que pasóu, fixo honor a este nome, incluso no equipo de fútbol «Juvenil», que manexou ao seu antoxo, e liquidouno pro seu beneficio particular como todo pobo debe recordar. Foi un maestro en facer maniobras pra trepar sin escrúpulos, pois a sua ambición non conoce límites.

Cando Alfonso Casasnovas se suicidou, despóis de terse convertido en unha piltrafa drogadicta, Pinta, ou sexa Pepe Castro fixose cargo da Delegación Comarcal de Sindicatos en Ponteareas. Viña de Sindicatos de Madrid, donde non tiña nada que facer, porque ali era a cobacha de Solís, Martín Villa e compañía, e había outros burócratas que deixaban escurecida a sua figura. O seu grande problema era non ter un título académico, polo que as suas posibilidades non sobrepasaban o marco local.

Unha vez instalado en Sindicatos, xa tiña unha plataforma pra facer cacicadas e méritos diante dos caciques provinciales, pra dar o salto a Alcalde de Ponteareas. A sua estrategia montóuna sendo alcalde Candeira, que en honor a verdade, foi un alcalde que saiu coas mans limpas do Axuntamento.

Pinta chega a Alcaldía

Unha vez cesado Juan Candeira por non ser do agrado dos caciques provinciales, escomenza unha loita pola Alcaldía, loita que se centra principalmente entre Pepe Castro e David Sobral (Cholo), ambos falangistas de toda vida, ambos con padriños importantes, pero Pinta con máis influencia en Madrid que Cholo. A disputa resolveuse en favor de Pepe Castro, e Cholo colle un cabreo colosal, hasta o estremo de que abandonou prácticamente o seu cargo de concellal.

Nesta disputa, de nada lle seviu a Cholo contar co apoio maioritario dos demáis concellales, nin o seu título de Mestre frente a un don nadie como Pinta.

Como sempre, o pobo estaba ao marxen de todo, porque os concellales non representaban a ningures, o pobo tiña que tragar o que lle impoñía, e o pastel disputábase entre losbos da mesma camada. O que perdía cabreábase e pataleaba, pero seguía nas mesmas filas agardando outra oportunidade. Non eran enemigos, eran simplemente adversarios. Castro, Cholo, tanto monta, estaban ao servicio do mesmo amo; a diferencia estaba que Castro era un sinvergüenza declarado e Cholo non. A larga, non sabemos o que podía resultar Cholo, pero está claro, que ou se deixaba manexar ou iba a puta rua. No sucesivo, nin un nin outro, interesan pra Alcalde. Hai que buscar unha persoa desligada totalmente do caciquismo, do feixismo, dos intereses dos ricos e dos señoritos; hay que buscar unha persoa seria, sencilla, e que defenda inequivocamente os intereses das clases populares, esta debe ser a pauta nas prosimas elecións municipales.

O amaño dunha corporación municipal

Nas elecións municipales celebradas con Castro de Alcalde, éste amaña unha corporación doméstica, pra ter a maioría, pra facer e desfacer o que lle pete, pra ser dono e señor do Axuntamento, pra medrar políticamente i económicamente.

Meteu na corporación ao seu cuñado Emilio Rodríguez, dono dunha ferretería, e a quen se lle permitiría facer un galpón pra almacén no monte comunal da Lomba en Areas. E decir, un roubo descarado aos veciños de Areas.

Meteu a Manolo Formiga, un viaxante, un traballador desclasado, aspirante a señorito, que cando xuntou uns cantos duros convirtiuse nun fantoche que fai o paiaso cando pra presumir fala polo dicionario.

Ataulfo o Gayo, sastre, e outro aspirante e señorito, que dando unha de cal e outra de area, se aproveitou do cargo pra facer cartos a conta do pobo.

Lauro de Areas, madeireiro, que non se entera de nada con tal de que lle permitan facer negocio nos montes cos piñeiros.

En fin pra que seguir, todos sabemos quenes son. E certo que houbo algún na oposición cando se deron conta que Castro se pasaba da raia; é o caso de Ferro, pero en ve zde darlle frente e denuncialo públicamente calouse primeiro, e foise pra casa despois. No fondo coa sua postura, favoreceu a Castro.

A Mancomunidade de Municipios

Como a Castro quedaballe pequeno un Municipio pros seus manexos, quixo mangonear oito e pra iso pariu a Mancomunidade de Ponteareas, Mondariz, Balneario, Salvaterra, Neves, Arbo, Crecente e Salceda de Caselas. Valeuse pra elo dos alcaldes caciques dos outros municipios, principalmente, do de Mondariz, Arbo, Neves e Salceda, de que falaremos en outra oportunidade. Todos dirixidos por Castro, todos ao rabo de Castro, todos se aproveitaron da esperencia caciquil de Castro. Castro quería unha Mancomunidade que fora unha especie de sociedade anónima na que él seria xerente. E conseguiuno, sin maiores dificultades. A conta de fondos públicos e municipales constituiu un patrimonio por enriba dos 60 millons de pesetas, que non está nada mal. Pero ¿pra qué? Pois pra preparar os solares da Inmobiliaria Canedo, propiedade do Alcalde, do su cuñado Emilio, do seu hirmán Antonio, de Manolo Formiga, de Pepiño Costilleta (delineante do Axuntamento), etc.

A meirande parte das horas de traballo dos camións e maquinaria da Mancomunidade, son empregadas, ou na Inmobillaria Canedo, ou polos amigos do alcalde en traballos nas suas propiedades particulares. Xa non é a primeira vez que temos visto unha pala mecánica desmontando un terreno particular dun cacique amigo do Alcalde.

A Inmobiliaria Canedo

Xa se dixo antes quena formaban, agora compre decir que esta empresa non ten de seu nin unha carretilla, e sin embargo ten feita unha cantidade de obra formidable, e toda ela coa maquinaria e os empregados da Mancomunidade. ¿Cómo se pode permitir este roubo ao pobo? ¿Qué fan os organismos que teñen que controlar todo isto? O pobo xa non debe calar este roubo e este abuso por mais tempo O pobo é quen debe controlar todo isto, e unha boa ocasión, é votando unha corporación popular en cada Axuntamento nas prosimas elecións municipales

O Axuntamento mercou solares, que logo, en algúns casos foron transferidos a Inmobiliaria Canedo pra especular con eles.

A Inmobiliaria Canedo pra financiarse válese da baixo precio, e logo o Alcalde e a Corporación abriron ruas e urbanizaron por esas fincas, multiplicando o seu valor O pobo e quen sufraga os costes, e a camarilla caciquil faise rica a conta do pobo

A inmobiliaria Canedo pra financarse válese da Caixa Rural, unha entidade que está nas mans de Antonio Castro, hirmán do Alcalde e socio da empresa como antes se dixo. Este elemento, que tamén manexa a cooperativa sindical con José Represas pra esplotar aos labregos coa venda de sulfato, piensos, sementes, etc., é quen paga o subesidio aos labregos, e que nas últimas elecións andivo decindo que llo retiraba si non votaban a Alianza Popular.

Inmobiliaria Canedo, é unha empresa fantasma, propiedade da camarilla caciquil pra roubar ao pobo, valéndose dos cargos que ocupan.

Unhas das razons do Plan Territorial do Condado, é deixar pro futuro unha norma legal que favoreza os terrenos que a camarilla caciquil ten adequiridos, pra poder seguir especulando, ainda que o pobo os bote fora dos Axuntamentos nas pousimas elecións.

A urbanización da Freixa

Unha das primeiras falcatruadas de Pepe Castro foi a Urbanización da Freixa.

O proxecto fixo na practica Carlos Gil (axudante de O. P. en Pontevedra) e de quen falaremos logo, pola relación que ten co cacique Castro, e por outras cousas.

O que se fixo na Freixa foi un atropello en toda regla. Pois sin mediar espedente de espropiación, nin nada, meteu as máquinas nas propiedades particulares, derribando e enterrando piñeiros a diestro e siniestro e sin consentimento dos propietarios. Houbo algún que lle fixo frente, pero a maioría calaron por medo. Cando foron a protestar, (os que foron), o Pinta empregou coacións e amenazas contra deles, e acabou por pagarlle unha miseria (a 10 pesetas o metro cuadrado por término medio). Este feito por si solo, xa nos da Idea de quén é este peixe.

Pasa a la páxina 4

"CASTRO, CACIQUE, O POBO NON TE ADMITE"

Castro e o seu cuñado Rafael, tiñan a concesión do Camping, situado como se sabe en medio da urbanización. Pois ben, o cacique Castro sacou a subasta o camping, pero con nome antiguo do monte. Iso fixo pra que ninguén se dera conta que se trataba realmente do camping. Pero chegou o día da subasta, e apareceu Portanet, quen meteu un pliego cun precio superior ao que Castro e mais seu cuñado pensaban. O salirle mal o chanchullo, levaron o asunto de novo a Corporación e anularon a subasta. Entón Portanet levounos a un pleito, que naturalmente pagou o Axuntamento, e decir, cos cartos do pobo.

Coa maniobra, a camarilla caciquil pretendía quedarse co camping por catro patacons, pra logo facer o gran negocio. Calcúlase que as ganancias pasarían de 10 millons de pesetas. ¿Qué merecen estes ladrons do pobo?, ¿por qué non se procesaron? Non todo quedou tapado poia corrompida adeministración, polos caciques de Pontevedra e os de Madrid, que son os ladrons maiores do reino; que son os que lle chupan o sangue ao pobo, que teñen a Galicia sometida e colonizada.

A venda de terras do pobo polos caciques

Si fósemos a relacionar eiquí todos os roubos que a camarilla caciquil lle fixo ao pobo, isto non tería fin, pero compre citar algunhas.

En Areas había un terreno, mercado pola parroquia no ano 36 pra facer nel a «Casa do Pobo», terreno, situado detrás do cementerio. No ano 39 foi incautado polos feixistas, igual que un pote de aguardiente, arados, e outras cousas. Este terreno vendeuselle a José Luis de Areas pra facer unha carpintería, ¿quén é o alcalde ou o sindicato pra vender o que é do pobo? Algún dia van ter que responder diante do pobo de Areas.

Vendeu un terreno dos veciños en Pias a unha sociedade da que él formaba parte —Aglomerados del Tea— vendeu 12 hectáreas. O proxecto da sociedade quedou en nada, porque o Castro engañou hasta os madeireiros. Pero non desaproveitou a ocasión pra facer negocio, e consentiu, porque lle entraba cartos no bolso, en que Aglomerados del Tea vendera a SIGAL-SA, o terreno xa esplanado, pero esta sociedade que tiña comprado 12 hectáreas aprosimadamente, vendeu mais de vintacinco. Calcúlase que na operación houbo unha ganancia de máis de 15 millons de pesetas. ¿Cómo se pode consentir que roube i especule co que é do pobo? Os veciños de Pias e Prado reivindican estes terrenos, mais, cando agora métense non Plan territorial non as 25 hectáreas, senón 150 pra montarles alí industrias tóxicas e contaminantes. Estes veciños deben ter cuidado non se deixar engatuxar polos caciques da parroquia, que con escritos e medidas burocráticas están frenando as posibilidades dunha loita aberta e frontal pra que se lle devolva o que lles foi roubado impunemente. Porque no fondo estes caciques parroquiales están compinchados coa camarilla caciquil do Axuntamento.

Vendeu montes do Axuntamento e tamén dos veciños, en Areas (Lomba), Guillade, Ribadetea, Xinzo, etcétera.

Fixo permutas cos seus amiguetes pra favorecelos. Vendeu piñeiros sin previo acordo da corporación, e Vicente sabe diso. Vicente é un bó rapaz pero deixase manexar, o que debería facer e dimitir. Vendeu parcelas de veciños, incluído camiños (un caso concreto é o que mercou Ulpiano de Areas).

Este cacique fixo neste senso cousas increíbles, que soio se poden concebir nun señor feudal. O máis sorprendentemente é que non hai quen lle pare os pés.

Plantación de eucaliptos

Arrendou montes en Gulans, Cristiñade, Uma, Batallans, e Picaraña, pra plantar masivamente eucaliptos, ¿Canto lle darían de prima, porque, sabendo como sabe que o eucalipto é nocivo pras nosas terras porque arruina a agricultura, e que o pobo non quere esa plaga como xa ten dito e demostrado, ¿por qué o fai? Non se esplica si non hai cartos polo medio.

Este cacique xa está ligado ao capital monopolista e imperialista, as multinacionales, i estas cousas non se fan por romanticismo, fanse por cartos. Así se esplica que teña tanto interés en vender a nosa terra a empresas de Celulosas, e si o plan que ten preparado lle salen ben, van a montar eiquí, hasta centrales nucleares.

Moitos dos montes arrendados, Gulans por exemplo son dos veciños, e teñen que voltar aos veciños. En iso están, loitan decotío e si non desmalan, consegueno.

Construcións ilegales

En Ponteareas hai unhas cantas construcións ilegales, e todas están vencelladas a Inmobiliaria Canedo do alcalde, ou son dos seus amiguetes, como o Rato, que construiu un adefesio na plazuela, contra toda norma urbanística. Permitiu construir no Parque unha edificación horrorosa, que parece un bunker, ocupando terrenos que son do río. Estas barbaridades urbanísticas non se permiten si non hai cartos polo medio.

Chanchullos con Carlos Gil

Desde que chegou Castro a Alcaldía, entrou en contacto con Carlos Gil, axudante de Obras Públicas i responsable da zona sur na Jefatura Provincial de Carreteras. Este individuo ten aparte un estudio pra facer proxectos, con un tal Amblés e un tal Donato Como funcionario dirixe varias brigadas de camineros e xornaleiros.

Castro, encargoulle a este individuo os proxectos do municipio, entre eles, o da Freixa, e apertura das novas ruas. Podese decir que Carlos Gil ten a esclusiva de proxectos no Axuntamento. A cambio destes favores, Carlos Gil, utilizando as brigadas de Obras Públicas e maquinaria da mesma institución asfaltou varios camiños e ruas, empregando además aglomerado e demáis materiales sustraídos dos depósitos de Obras Públicas. Disto sabe moito Alvaro Carrera, capataz residente en Areas, alcalde de barrio desa aldea. Este individuo, (Alvaro) estivo a punto de ir a traballar pra Mancomunidade. ¿Cómo é posible que os responsables de Obras Públicas non se enteren de nada? e si se enteran ¿por qué non tomaron as medidas que corresponden? Porque estes chanchullos tamén se fixeron en Nigrán. O pobo sabe que a corrupción chega a límites increíbles, a que xa é hora de sacar a luz todo o podrido que hai na adeministración e tomar medidas serias, porque donde hai podre non pode haber democracia. Con razón o pobo dí que todo sigue igual que cando vivía Franco.

As matonerías de Castro

Isto aconteceu fai uns días. Castro está interesado en abrir un camiño en Fozara, pra comunicarse cos montes das cortellas. Probablemente quere facer un novo negocio de plantación de eucaliptos con Proullasa. Unha veciña, dona dun eido, non lle permitiu pasar polas suas terras, e con toda razón, porque como leva feito noutros casos, quere facer as cousas a conta dos veciños, (recordar os atropellos da Freixa). Pois ben, o cacique Castro, como si fora un señor feudal, presentouse persoalmente no lugar cos seus gardaespaldas como un alcapone con cara de ganster, e deu persoalmente a orden de derribar un muro da propiedade da muller. A muller ao verse atropellada, con gran valentía púxose diante da máquina pra impedir o atropello. Nese momento o cacique Castro, dirixiuse a filla da pobre muller decindo testualmente : «dile a tu madre que se quite del medio, porque yo tengo trescientas mil pesetas para pagar una muerte»; enton a muller respostoulle que tamén éla tiña cartos pra pragar a dél.

Claro que Castro ten as 300.000 ptas, e moitos millons máis, pero todos roubados ao Pobo deste xeito, con atropellos, con coacións, e de forma gansteril e criminal como neste caso.

Esta xa non é a primeira matonería de Castro, pois cando das protestas contra da Celulosa, xa utilizou este método, e según noticias que circulan polo pobo, hasta cos seus propios fillos.

Este cacique, sigue a utilizar os mais refinados métodos feixistas, pero algún día xa responderá diante do Pobo. Cada porco ten o seu Sanmartiño, é o que di o refran.

As relacións de Castro

Este elemento está formidablemente relacionado cos seguintes persoaxes.

Con Antonio Puig Gaite, conocido asesino na guerra civil, que andivo matando xente pola nosa comarca con Victor Lis. Puig é de Alianza Popular.

Con Manolo Crespo Alfaya, delegado de información e Turismo, encargado durante moitos anos de recomendar persoas pra alcalde das vilas, sobor de todo na etapa de Encinas.

Lilo Paz, subjefe provincial del movimiento, burócrata de Sindicatos en Pontevedra, ligado a policía política pra caza dos loitadores obreiros.

Pérez Puga, burócrata de Sindicato moito tempo, Director general de comercio interior, e responsable no timo de Matesa. Mais tarde presidente de SODIGA, e hoxe procurador polo Centro Democrático.

Queizán Taboada, alcalde de Pontevedra, vello falangista e cacique provincial.

Fraga Iribarne, (sin comentarios)

Feliciano Barrera, ligado ao capital monopolista, e membro de Alianza popular.

A lista sería interminable.

Todos estos elementos saben quen é Castro, conocen o que fixo e o que fai, pero téñeno ahí, ¿por qué?. Primeiro porque tan bó e Xan como Perillan, e segundo porque cara as elecións municipales, interesalles porque Castro coa sua camarilla caciquil, domina importantes resortes pra conseguir votos.

O pobo debe permanecer atento as maniobras de Castro cara a Alianza Popular. O Pobo repetimolo unha vez mais debe impoñer candidaturas populares pra impedirlle o paso a Alianza Popular e o Centro Democrático, porque os dous son primos hirmans herdeiros e continuadores do franquismo. O Pobo debe estar atento tamén as maniobras do PSOE, porque polo que veñen demostrando, non están interesados en resolver a situación colonial de Galicia, nin abren a boca pra trazar unha política axeitada a Galicia, que desenrole a nosa economía, e resolva os demais problemas, todos urxentes.

Non sería unha mala idea ir formando Concellos Parroquiales, pra cambiar impresións, analizar os problemas con realismo, e finalmente, chegar a determinación dunha candidatura popular, que con un programa de xestión previamente elaborado e acordado se faga cargo da xestión municipal. Sobor disto esperamos recibir a vosa axuda e as vosas opinións, pra ir dándolle corpo a esta idea ou a outras que poden ser millores. De calquer xeito e necesario organizarse pra que nunca mais haxa alcaldes como Castro, e ningén mais se faga rico a conta de roubarnos o que é noso. De caciques e señoritos estamos fartos.

O que se está a facer cos postos da plaza de abastos

¿Qué se esta facendo cos postos da nova plaza?, isto é o que compre que todo o Pobo sepa. Dicese que o cacique Castro, vendeulle sete postos ao seu hirmán Antonio Castro; a un funcionario da Mancomunidade, catro, e a outro do Axuntamento, dous. Polo de agora xa acapararon entre a camarilla 13 postos; que eses postos son acaparados pra logo especular con eles; é decir, vendelos máis caros a que realmente os necesita pra gañar a vida. ¿vai calarse o Pobo diante desta burla? Nos pensamos que non, nos pensamos que Pobo xa non está disposto a aguantar máis burlas, máis roubos, máis provocacións, máis...

Xurxo Regueiro da Rebouza

COUSAS QUE CONVEN SABER

Informan mozos de Gulans

Os mozos de Gulans pasaron a seguinte información:

David Sobral (Cholo) cando era mestre na parroquia de Gulans, pasaba lista os lunes pra saber os rapaces que non foran a misa. Os rapaces, iban coacionados ou tiñan que mentir pra non ser castigados.

O mesmo mestre Cholo, foi quen proporcionou ao Axuntamento a lista dos veciños que tiñan can, preguntandolle os rapaces da escola quen tiña can e como se chamaba o pai. Fixo isto, porque o alcalde de barrio «Pepe do Arrabal» negouse a darlle a lista ao alcalde.

O alcalde Castro vendeu a HORVISA o vello campo de futbol de Gulans, que era da parroquia.

Pra que a parroquia non protestase, fixo un cambalache co cura D. José Sanmartin dándolle o doble de terra no monte de Pardiguel (que é dos veciños de Areas) a cambio dun terreno ao lado da Iglesia pra construir outro campo de futbol.

O cura xa vendeu piñeiros por valor de máis de 50.000 ptas. Por outra banda, o alcalde entregoulle ao cura 390.000 ptas. pra que invierta no construción do campo. De momento soio cerrou polo lado donde él ten a Casa pra que non lle entraran. Do resto dos cartos non se sabe nada. ¿Donde están?. Entre caciques darán conta deles.

Atención veciños de Areas

O cacique Castro entregoulle ao cura de Gulans unha parcela grande (non sabemos de canto) ao cura de Gulans a cambio dun terreno que éste cedeu pra construir o campo de futbol de Gulans. Todolos veciños de Areas deben saber que o monte de Pardiguel é dos veciños, e quen nono sepa que lle pregunte a Ramiro de Delfin, porque él sabe bastante disto, xa que o finado Sr. Delfin, que era un home do máis honrado que houbo na parroquia deixou parte da sua vida por loitar por este monte e pola sociedade agraria.

LEIRADO: A CASA QUEIMADA

Aconteceu no ano 36, nada máis estalar a guerra. O Condado foi rastreado baixo a direución de dous homes feroces chamados Víctor Lis e Antonio Puig Gaite, veciños de Pontevedra, fascistas de nacimento, falangistas de adoupción e franquistas pra toda vida. Istas duas mentes retorcidas coma os cornos dun carneiro, dirixían as execucions que exercían un fato de necios malinos que tiñan as suas ordes, os atropellos que facían non teñen calificación, entraban nas casas, saqueaban e mataban en medio de gargalladas, non cabían en sí cos males do trunfo o deixar homes indefensos mortos polas cunetas como si foran gatos. Ainda vive moita xente que foi solprendida unha mañan o ir pra feira de Pontareas e alcontrar na revolta de Penedo Redondo, un veciño de Arbo que facía viaxes as feiras con unha camioneta, chamanbanlle de alcume o «Cazapo»; era un homiño homildoso e aten cioso cua sua clientela, conocido e ben querido de todos. Aquel día o coche do «Cazapo» non fixo viaxes a feira nin voltaría a facelos, o seu dono e conductor xacía alí no chan derriba dun charco de sangue, o seu peito furado por tiros a queima roupa disparados por asesinas mans. A mesma sorte ca él, corrérona moitos veciños de Arbo por obra e gracia do Anselmo, alcaide naqueles intres do que compre falar outro día.

Pois así, foise escribindo a triste hestoria dos corenta anos con sangue e bagoas, moita sangue, moitas bagoas.

O da casa queimada, unha máis das moitas que queimaron, aconteceu, que os devanditos cazadores de homes, chegaron a parroquia de Leirado a busca dun rifle que tiña o fillo da Deolinda, a arma xa fora esnaquizada contra un poste dunha viña polo mozote denantes de fuxir pra Portugal pra salvarse, o feito alporizou de tal xeito a Lis e Puig, que ordearon os seus edecans que lle deran volta derriba pra baixo a toda vivenda con tal de atopar o fuxido. Na casa soio se alcontraba a señora Balbina, a señora Balbina estaba tolleita de pes e mans, estirada nunha camiña limpa, é soio contestaba que non sabía de nada nin dónde se alcontraba o seu neto. A cuadrilla sacou despiadadamente a cama cua sua ocupanta pra debaixo dunha viña, repuseron forzas chupando os ovos que tiñan posto as pitas e comendo e bebendo daquilo que había e máis lle apeteceu. Satisfeitas as necesidades do bandullo, aqueles entes sentían degoro de satisfacer as necesidades do seu inconscente, entón chegou o frenesí, unha lata de gasolina e un mistro darían o comenzo, a casa da Deolinda era unha imponente labarada, ardeu tudo canto había, as paredes foron por moitos anos testigos mudos dun feito criminal, as xentes pasarían rente das paredes afumadas sin astreverse a decir ren e mirando tan soio de reollo, si algún desconocido preguntaba por qué fora queimada aquela casa, respondianlle que fixeran ben, era dun roxo, a señora Balbina sería levada e atendida nunha das casas mais probes do lugar os poucos días que tuvo de vida. Víctor Lis fariase o personaxe máis tristemente famoso daquel intre, hastra que lo chamaron o xuicio final a donde marchou con un feixe de mortes sobor da sua alma ennegrecida. Puig Gaite, pola sua longa folla de servicios o franquismo, sería recompensado co posto vitalicio de cacique maior da provincia de Pontevedra. Nos longos corentaun anos que pasaron, non se buliu unha palla sin o seu visto bo. Os gobernadores civiles sempre manexados por este pistoleiro, os alcaldes das vilas sempre apadriñados por este xudas.

Destes afillados un dos máis protexidos poida que sea o cacique Castro, alcalde de Pontareas, pois fai e desfai como si fora dono e señor, vende as propiedades do pobo, dirixe a mancomunidade do Condado o seu antoxo con máis abuso ca Pedro Madruga nos seus tempos feudales. A Freixa, o monte Carreira co seu proceso fabril fracasado, a inmovillada Canedo e unha restre de cousas máis son mostra da sua ousadía. Polo de agora vai facendo o que quer, e vai medrando tanto coma o seu padriño Puig Gaite, que medrou canto quixo por haber matado homes e queimado casas.

Disque cua derrota de Alianza Popular cando as eleucions, Puig Gaite e Pepe Castro fundironse nunha aperta e bicandose nas meixelas exclamaron: El primer fracaso en nuestras largas vidas políticas. A cousa non está mal, o primeiro fracaso foi na primeira toma de pulso o país, cando cheguen as eleucions municipales será o segundo, penso, en boa lóxica así debe acontecer.

Chegado o intre, coma bo conselleiro, pidolle o padriño se retire o convento de Polo e o afillado o de Canedo. Alí, que rematen as suas vidas rezando pra que acabe a caste de caciques, pra que os homes non maten os homes, e pra que os falangistas non queimen máis chouzas dos sofridos labregos.

Xoan DE OLIVEIRA

INFORMACION PARROQUIAL

AREAS

Na carreteira xeral, levan ocurrido máis de media duzia de mortes por accidentes de tráfico. Os puntos máis negros son a Lomba e a Gándara.

Non se tomóu ningunha medida pra evitalos. Recentemente, no cruce de Guláns fixeron unha machada, que ainda vai ocasionar máis accidentes.

Cando fixeron a carreteira non pensaron nos peatóns, soio pensaron nos coches. Os veciños de Areas eisixen pasos elevados con urxencia, do contrario haberá máis mortos.

Os nenos necesitan marquesinas pra abrigarse mentras agardan o autobús pra ir a escola, pero marquesinas amplias, non cuchitriles como o de Ribadetea.

Os veciños teñen pensado cercar o recinto da festa na Lomba pra impedir que lle sea ocupado polas industrias co consentimiento de alcalde.

Os veciños estánse a enterar qué pasa co monte de Padiguel. Ese monte foille roubado a parroquia no ano 30. Os veciños vano reclamar.

RIBADETEA

O alcalde vendeu unha casa que era da parroquia. Os veciños recuperárona coa súa loita.

A marquesina pros rapaces da escola e insuficiente; a pesares que os veciños querían unha máis grande, o alcalde non lles fixo caso.

XINZO

Por falta de pasos elevados, síguense producindo accidentes na carreteira xeral.

Os veciños estanse organizando pra recuperar a «Entidade Menor» que lles foi arrebatada despois da guerra civil.

Nas derradeiras festas foi colocada a bandeira galega.

Estase consolidando unha «Xunta de Veciños» pra recoller os problemas da parroquia i empuxar as solucións. ¡Adiante veciños de Xinzo!

UMA E BATALLANS

A loita dos veciños deu como primeiro resultado que se paralizase a plantación de eucaliptos. ¡Animo veciños!, a seguir a loita pra recuperación dos montes que son nosos. Non nos deixemos engatuxar por caciques con aparencia de boas persoas.

GULANS E CRISTIÑADE

Os veciños siguen a loita pra recuperar os montes que lle foron arrebatados, e que o alcalde concedeu a Proullasa pra plantar eucaliptos. Cara a este problema é fundamental a unidade de todolos veciños, porque unidos é máis fácil vencer. O caciquismo sempre tenta dividirnos, e pra elo utiliza mil artimañas.

MOREIRA

O cura de Moreira ven especulando con terrenos a beira do río Tea; merca por catro patacons, e logo vende os solares (sin urbanizar) por cantidades superiores a medio millón de pesetas. Por si había poucos especuladores, agora tamén os curas. ¡A Deus rogando e co mazo dando!

DESASTROSO SERVICIO TELEFONICO

O teléfono en Salceda ven funcionando fai tempo. Fai un ano máis ou menos que se instalou o automático, pro no hai ninguna cabina telefónica, e pra falar hai que ir os bares, molestando continuamente ao dono do bar e falando en condiciós inadecuadas: falar diante de todos, ruidos que non deixan escoitar, etc.; si queremos facer unha chámada de noite, ¿dende onde chamamos?

Tamén se sabe que o Axuntamento soio pediu unha cabina telefónica pra Esfarrapada, quedando as outras parroquias marxinadas. ¿Será que a xente das aldeas non ten dereito as cabinas telefónicas?

Ista desastrosa situación xa foi denunciada pola Asociación de Veciños de Salceda, pro o problema continúa.

DEPORTES

"FUTBOL - SALA"

Temos que suliñar que rematou con moito eixito o Campeonato de «Fútbol - Sala» que organizou a S.C.D. Condado.

O sábado día 2 de Outono celebrouse a Gran Final, a cal foi gañada polo Anduriña de Anguares por oito tantos a tres ao Tinto de Xaque de Salceda.

Os premios repartironse da seguinte forma:

Campeón o Anduriña de Anguares, segundo crasificado o Tinto de Xaque de Salceda de Caselas, terceiro o Talleres Miño de Salvaterra e cuarto o Freixa de Ponteareas. Hai que destacar que o Trofeo que dita Sociedade considerou sempre máis importante, o da Desportividade, foille concedido o Tinto de Xaque por non haber recibido ningunha tarxeta durante todo o campeonato e ser un dos equipos que máis partidos xogou.

Temos noticias que prouximamente se prevé orgaizar outro Campeonato diste tipo en Ponteareas. Xa daremos mais Información en prouximos núnemeros.

FUTBOL REXIONAL

O Caselas F. C., que iste ano participa por primeira vez na categoria Rexional Preferente ista facendo unha boa campaña. Vai 7 na clasificación, isto tendo en conta que é un equipo modesto podese considerar moi satisfactorio.

FUTBOL COMARCAL

Escomenzoú a Liga de 2.ª Rexional e os resultados dos representantes do Condado foron vos.

O Salvaterra ganou fora 3 - 2 ao Valladares e o Xuvenil empatou en Atios.

O campeonato de 3.ª Rexional escomenzará o prousimo día 13 de Novembro participan da comarca o Neves, Arbo, Areas, Mondariz, Moreira, Fornelos, S. C. D. Condado e Creciente.

NOVEDADES PRA COMARCAL

O Progresista de Fornelos da Ribeira, e un equipo que nace iste ano pra sumarse a liga comarcal de 3.ª categoría; parece ser que conta con un bon equipo, pois os resultados conseguidos últimamente así o demostran.

O PLAN DE ORDENACION DO CONDADO

Pois ben, iste plan promovido pola Mancomunidade de Axuntamentos do Condado, co seu presidente e Cacique maior o frente: Pepe Castro, alcalde de Pontareas, incide a varios niveis que agora expricarei:

INDUSTRIAS

Son en total 16 polígonos industriaes cunha estensión que vai de 40 a 400 Ha. Todos esceuto o de Budiño atópanse a beira dos ríos Tea, Miño e Uma, en zoas onde ou destruien unha importante riqueza agraria e con grandes posibilidades de futuro, ou nos montes comunales ou propiedade de veciños. Un exemplo ben craro e o polígono comarcal de Vilacoba.

O plan non di por ningures a clase de industrias que pensan instalar, como sería lóxico nun plan tan ambicioso, pro iso sí, no apartado 6-2 do tomo 7 di testualmente: «Usos previstos. — Esplotaciós agrícolas, pecuarias, forestales e minas. Usos Tolerados.—Industrias vencelladas a mineiría, industrias aisladas. Almacens de productos insalubres, nocivos, tóxicos ou perigrosos. Gran industria.»

Ademáis, no apartado 6-3 di: «Industrias que requiran gran cantidade de augua pro seu proceso de fabricación.»

Reflesionando un pouco dedúcese por unha parte que o tipo de industrialización que nos van a facer e de elaboración de productos contaminantes, nocivos, tóxicos, etc..., porque está craro que si se prevé o seu almacenamento é, ou que se van a fabricar, ou que se van a emplear pra facer outros productos.

Por outra banda fala o plan de industrias que requiran grande cantidade de auga, aquí temos que perguntarnos ¿cales son as industrias que requiren grande cantidade de auga partindo das materias primas do Condado? Inequívocamente CELULOSAS, posto que é a riqueza forestal un dos nosos principales recursos. A credibilidade desta afirmación reforzase coa incuestionabel realidade da masiva implantación de eucaliptos que se está facendo en Uma, Batallans, Taboexa, Gulans, Cristiñade, Picaraña, etc... As CELULOSAS consumen un 70% de eucalipto e un 30% de Piñeiro. A sospeita pode chegar incluso a desconfiar que nos poñan unha Central Nuclear pois e outro tipo de industrias que requolere grande cantidade de auga.

Eu non afirmo que isto se vaia a facer, pro afirmo que si consentimos a aprobación diste plan, poden facelo si queren, porque tal como está redactado, permitese.

URBANISMO

O plan prevé unhas areas urbanas centradas nas Vilas, fora das cales as posibilidades de construir vivendas quedan limitadas polo propio plan, pola lei do chan e polos criterios arbitrarios dos caciques municipales de turno.

Potenciase a Pontareas como cabeceira de comarca, permitindo construir en solares de 60 metros cuadrados, con un frente mínimo de 6 metros, edificios de 8 plantas, isto é, sin dubida algunha pra legalizar as construcións abusivas que os caciques de Pontareas xa teñen feito.

Así mesmo nun cinturón que rodea as vilas chamado no plan «Suelo Urbanizable Programado» podese construir nunha parcela de 300 metros cuadrados, edificando un 60% e un volumen de 6 metros cúbicos por metro cuadrado.

Pola contra nas parroquias resultará caseque imposible facer unha casa posto que necesitase unha parcela minima de 1.500 metros cuadrados (15 Areas). Tendo en conta a protención de vias: 25 metros a cada lado de camiños rurales, 75 metros de camiños veciñales e carreteiras comarcales e tres metros de retranqueos entre lindeiros, serán moi poucas as parcelas nas que se poida construir. Isto inda lles parece pouco, e polo tanto agravando mais, xa que no caso de ter unha parcela nas condicios anteriores nun sitio que carezca de asceso, haberá que dispoñer como mínimo de 14 metros de ancho de terreno pra facer un camiño pra ela, o cal é materialmente imposibel xa que na maioria dos casos a parcela de asceso pertenece a outro dono.

Por todo isto, queda craro a parcela de xeito irracional, contraria aos intereses do Pobo, i en función das crases privilexiadas, o cal acarrexará como consecuencia a vergoñosa especulación do chán, posto que as parroquias quedan fora de planificación urban o que supon a sua desaparición como nucleos de poboación rural, quedando o vecindario sometido os criterios do Organo Xestor do Plan é no seu defecto as corporaciós municipales que é o mesmo que quedar ao libre arbitrio de todo posible caciquismo Isto conleva a desfeita da sociedade Rural.

AUGAS

O Plan prevé no apartado 6-4 que todas as augas dos ríos, lagunas, regatos, pozas, etc...., pasaran a ser controladas pras fins industriales. Si isto se levara a cabo, e seguro que os labregos parderemos no sucesivo o control das augas que nos son necesarias pra regar os campos e pra outros usos.

CARRETERAS

As unicas carreteras novas previstas no plan son as que enlazan os poligonos industriales cos montes onde se estan plantando eucaliptos.

As parroquias seguiran cós mesmos carreiros de sempre a non ser que os arranxen os veciños pola sua propia conta.

ESCOLAS

O Plan non prevé a necesidade de centros de preescolar e E.X.B. nas parroquias; sendo así que os nenos das aldeias menores de 6 anos perderon forzosamente dous anos de escola. De seguir a planificación escolar en concentracións masivas nas vilas, este problema vaise agravar por un aumento de poboación estudiantil nestas agrupacions, polo tanto o que xa hoxe constituie un preocupante problema de distancias, transportes, perda inutil de tempo, viscos de aicidentes pros rapaces etc. hanse agudizar no futuro coa aprobación diste plan.

COSTE DO PLAN

O presuposto de infraestructura do plan, é decir a preparación do chan pra que veñan estas industrias, asi coma as carreteiras que se fan aos montes pra millor sacar os eucaliptos era de 1.200 millóns de ptas. do ano 1.976, hoxe coa devaluación representan uns 1.600 millóns, dos cales os veciños sufragan o 60% que veñen a ser 960 millóns. Isto representaria por cada veciño un coste medio que oscilaria entre 10.634 ptas por habitante no axuntamento das Neves (o mais barato) hastra 141.657 ptas en Mondariz Balneario (o mais caro). Isto é por habitante, agora supoñan unha familia de 5 membros e multipliquen.

O 40% restante e aportado polos Axuntamentos (o fin eo cabo tamen istes cartos proveñen dos veciños ¿Ou non e certo?) e pola adeministración central esceuto nos axuntamentos de Arbo, Neves e Ponteareas pros cales non aporta nada.

CONCLUSIONS

Dempois de todo o esposto, unha cousa parece quedar craro ainda que non se especifique no plan: **A ruina da sociedade rural,** porque o destiño que o plan lle da ao territorio en canto a industria, vias e control de augas eisí vai determiñalo.

O correuto seria unha evolución racional da sociedade rural a unha sociedade industrial controlada pola crase traballadora, e baseada na transformación dos propios recursos tanto agrarios como gandeiros, mineiros etc... pro dentro dun proceso integrador que tivera como norte, a creación de gran cantidade de postos de traballo e do equiparamento do nivel de vida da sociedade rural coa sociedade urban.

A titulo de información sobor diste plan tamen direi que a F.A.O. fai xa algún tempo, deu un informe no cal decia: «Galicia é a 2ª nación do mundo dempois de Kenia (Africa) pra a cria de gando». Ista afirmación dun orgaismo centifico, avalado a nivel mundial non ten ningunha importancia pros capitostes que nos queren arruinar.

Pola contra o Banco Mundial ao concederlle un creto o «Goberno do Estado Español», pro desenrolo da agricultura e gandeiria, Galicia quedaba excluida do debandito creto, pois afirmaron que Galicia e en concreto a zoa sur da Provincia de Pontevedra era donde atopabanse millores caraiteristicas pra implantación de industrias de tipo contamiñante. Non e de estranar, posto que o Presidente do Banco Mundial e un tal Sr. R. Macnamara que foi Secretario de Estado «YANKI» durante a guerra de Vietnam.

UNHA OLLADA AS NOSAS FESTAS

Pasou o vran, e co il rematan cáseque todalas festas. O saldo no aspecto popular é negativo e no cultural nefasto. Das oito vilas da bisbarra solo as romaxes tiveron carácter popular: San do Medio e Santa Marta de Riberteme (As Neves), San Cibrán (Pontareas), a Ascensión (Salvaterra), Dulce Nome (Pías - Ponteareas), son as únecas que manteñen un xeito familiar, tradicional cos alicerces da fraternidade, a xuntanza, da sinceiridade: Por outra banda a mostra gastronómica que se fai nelas é pura e sin artificios, coma puro e sin artificios é o comportamento da nosa xente. As datas das romaxes deixan no romeiro o anceio de voltar, i é diste xeito que na súa orgaización o capítulo de propaganda é sempre o máis fraco.

As festas das vilas pecharonse como de costume: tres días de festa, en casos catro, as orquestas de sempre, unha banda de múseca, e as vegadas tamén un gaiteiro que fai sempre o papel da «cenicienta» das festas. Dous concertos da banda e a outra cousa. O que non falla endexamais é o partido do futbol; prográmase o partido máis que como espectáculo como fonte de entrada de cartos pra Comisión.

No aspecto cultural as festas non eisisten. Neste senso, o Porriño incluiu no seu programa no ano pasado unha semán cultural. O éisito non debeu ser pequeno, iste ano voltan a facela, pro de máis calidade.

Pontareas invertíu iste ano cáseque millón e medio de pesetas no presuposto total de festexos. Unha comisión xoven e progre (os programas levavan todos unha bandiña azul, o do ciclismo tamén a levava pro era máis pálida, tal vez debido a que o texto de anuncio iba en castelán), pro que con tantos cartos non conqueriu sair co ben da misión, ainda que en honra a verdade intentouno. No pregón, nembargantes, foron conservadores: na portada a bandeira galega, dentro artigos de «Filguera valverde» (por que será que sempre que me nomean a ese home lémbrome de Aleixandre Bóveda?), Antonio Troncoso (e cando oio iste lémbrome de xuicio de Burgos) D. Enrique o cura (sin comentarios) Crespo Alfaia (cando Franco tamén iba as comilonas) e, coma non, José Castro Alvarez (T.V.G.E., e 20 páxinas na Voz de Galicia: xa dixen o escomenzo que a xente da comisión era moi nova e non se decatou das próusimas eleciós municipales). O programa, todo hai que decilo, foi sen comparación o millor de todolos do Condado.

Das parroquias, dúas novedades: Os programas da festa das Ermitas (Salvaterra) e o das festas de Leirado foron íntegramente redactados en galego, tendo dúas aituaciós Suso Vaamonde nas ermitas e Fuxan os Ventos en Leirado.

O festival da canción galega do día 6 en Ponteareas tivo unha asistencia inusitada. Sin estar no programa das festas, foi o millor das festas de Ponteareas.

NECROLOXICAS

Desde este voceiro, con pena e con dolor, recollemos a noticia da morte de QUIQUE, fillo de Fernando de Arantei, que morreu afogado no río Tea, así como tamén a de ALEXANDRO. fillo do abogado Mon, quen morreu afogado no Miño.

Dous rapaces que morreron de desgracia, amigos e veciños nosos, a quen todos queríamos respetábamos.

Vaia a noso máis sentido pésame pras duas familias dos finados.

Lembramos con respeto a memoria de GERMAN VEIGA, que finou por estas datas no ano 1975. Foi un home que conservou a sua ideoloxía e os seus principios hasta a morte, a pesares dos sufrimentos e persecucións, das dificultades e as incomprensións.

¡Germán Veiga, os teus amigos non te esquecen!